



CONVENIO ENTRE O PARQUE TECNOLÓXICO DE GALICIA, S.A. E O INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA PARA A CESIÓN DE ESPAZOS PARA A REALIZACIÓN DO PROGRAMA COWORKING

REUNIDOS

DUNHA PARTE, Patricia Argerey Vilar, con DNI 33329475Z, en nome e representación da entidade Parque Tecnolóxico de Galicia, S.A., con NIF A32150088 e domicilio social en San Cibrao das Viñas, 32900 Ourense, na súa calidade de representante persoa física do vicepresidente e conselleiro delegado, Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, cargo para o que foi reelixida na reunión do Consello de Administración celebrada o 12 de xullo de 2019, elevada a público en escritura autorizada polo notario de Santiago de Compostela José Manuel Amigo Vázquez o 30 de xullo de 2019, número 1929 de protocolo, e inscrita no Rexistro Mercantil de Ourense, tomo 912, folio 112, folla OR-1207, inscrición 80ª. Segundo o establecido na escritura outorgada perante o notario de Ourense Daniel Balboa Fernández o 5 de marzo de 2013, co número 368 do seu protocolo, deléganse no conselleiro delegado, para o seu exercicio, todas as facultades propias do Consello de Administración, a excepción feita das indelegables.

DOUTRA PARTE, Fernando Guldrís Iglesias, en nome e representación do Instituto Galego de Promoción Económica, con NIF Q6550010J e domicilio social en Edificio IGAPE, Complexo Administrativo San Lázaro s/n, 15707 Santiago de Compostela, na súa calidade de director xeral. Está facultado para este acto en virtude da delegación de facultades do 23 de decembro de 2016 do presidente do IGAPE feita pública mediante Resolución do 25 de xaneiro de 2017 (DOG nº 23, do 2 de febreiro de 2017).

Os asinantes, na representación que ostentan, declaran ter a capacidade legal necesaria para formalizar este documento e, para o efecto,

EXPOÑEN

PRIMEIRO. O Parque Tecnolóxico de Galicia S.A. (en diante TECNÓPOLE) é a entidade responsable de xestionar un conxunto de infraestruturas, espazos, recursos, capacidades e servizos destinados a empresas, emprendedores e proxectos que utilizan como ferramentas de crecemento a innovación e o coñecemento. Ademais TECNÓPOLE mantén vínculos activos de colaboración con Universidades, Centros de Investigación e Empresas co obxectivo de fomentar as actividades de I+D+i e o desenvolvemento e a competitividade empresarial.

O obxecto social da entidade contempla a promoción, xestión, conservación e mantemento do TECNÓPOLE, fomentar a innovación e a transferencia de tecnoloxía entre os usuarios do Parque, así como con outras estruturas internas e a prestación de servizos e a realización de actividades que contribúan á promoción económica, á innovación, ao desenvolvemento tecnolóxico e a creación de emprego en Galicia.



SEGUNDO. Que é o seu obxecto social a xestión, conservación e mantemento da área xeográfica denominada "Parque Tecnolóxico de Galicia", así como, entre outras, a realización de actividades de promoción, creación, xestión e comercialización de servizos na devandita área, de gran efecto de potenciación socio económica tanto para a provincia de Ourense como para o conxunto da Comunidade de Galicia.

TERCEIRO. Que, dentro das actuacións que inciden nese apoio á economía en xeral e á provincial, en particular, están as relacionadas co apoio aos emprendedores e ao desenvolvemento de actuacións que conduzan á potenciación da ciencia e do uso de novas tecnoloxías no mundo empresarial, que desde TECNÓPOLE deséxase impulsar por considerarse básico e prioritario dadas as especiais dificultades para o seu desenvolvemento.

Nese sentido, TECNÓPOLE xestiona o Centro de Empresas e Innovación (edificio CEI) e o Edificio Tecnópole I, que supoñen un ámbito especialmente acondicionado para acoller empresas cun marcado carácter innovador e de base tecnolóxica, albergando servizos e infraestruturas de gran valor engadido para as empresas que soliciten a súa utilización, incluíndo instalacións especialmente deseñadas para proxectos emprendedores que inicien a súa actividade empresarial.

CUARTO. O Instituto Galego de Promoción Económica (en diante, IGAPE) é a axencia de desenvolvemento rexional de Galicia, creada como ente de dereito público con personalidade xurídica e patrimonio propios pola Lei 5/1992, do 10 de xuño, para ser o instrumento básico de actuación da Xunta de Galicia para impulsar o desenvolvemento competitivo do sistema produtivo galego, e ten entre as súas funcións a de desenvolver unha actividade xeral de promoción dos valores empresariais da súa contorna encamiñada a incentivar o nacemento e desenvolvemento de novos proxectos empresariais. Así mesmo, a Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, na súa disposición adicional segunda, establece que o IGAPE terá a consideración de entidade instrumental do sector público autonómico con competencias en materia de emprendemento.

QUINTO, Que o IGAPE está interesado en fomentar a cultura emprendedora e o desenvolvemento de novos proxectos empresariais a través da formación e tutorización das persoas que os desenvolvan e, a tal efecto, suscribiu un convenio coa Fundación EOI o 27 de xullo de 2021 para a realización de once edicións do programa Coworking en Galicia.

O programa Coworking consiste en accións de formación e tutorización seguindo a metodoloxía Lean Startup propia da EOI que persegue acelerar o proceso de viabilidade dos proxectos emprendedores previamente seleccionados, Estas accións están organizadas arredor dun espazo de traballo conxunto destinado ao establecemento desas persoas emprendedoras que achegarán proxectos temperáns de previsible valor para a sociedade.

O obxectivo principal do programa Coworking é fomentar o emprendemento e aumentar a probabilidade de éxito dos proxectos emprendedores nun período limitado de tempo, entre



5 e 6 meses, identificando aqueles con maior potencial de desenvolvemento, polo que se considera que TECNÓPOLE constitúe unha localización idónea para a celebración dunha das edicións do programa Coworking.

Por iso, tendo en conta a coincidencia de obxectivos das dúas entidades, no marco dos seus fins e competencias consideran de interese subscribir un convenio que regule os termos da colaboración entre ambas as dúas para o desenvolvemento da actividade proxectada, que formalizan mediante este documento, de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

1ª. OBXECTO

O obxecto deste convenio é definir os termos da colaboración entre IGAPE e TECNÓPOLE para a cesión por parte deste a título gratuito dos espazos necesarios para a realización dunha edición do programa Coworking nas súas instalacións.

2ª. CARACTERÍSTICAS DOS ESPAZOS

Os espazos necesarios para a realización do programa terán as seguintes características (poden variar no caso de ter que aplicar restricións por motivos sanitarios en relación coa covid-19):

- Para os emprendedores: Una sala de coworking de 62m2 aprox., con mesas e cadeiras e dotada con acceso á Internet e un retroproyector. Esta sala está localizada no edificio Tecnópole I.
- Para as presentacións grupais: Sala de reunións de 52 m2 aprox. para ata 25 participantes e dotado con acceso á Internet e un retroproyector. Localizada no edificio CEI.
- Para as titorías personalizadas: realizaranse na sala de coworking, para manter as reunións de seguimento entre as persoas mentoras e as integrantes do proxecto emprendedor. En caso de ocupación desta sala habilitarase unha sala de reunións (niño 44) no edificio CEI.
- Para actividades nas que o número de participantes o requira, porase a disposición o salón de actos.

Esta descrición corresponde ao espazo estándar, que podería ter que ser axustado en función dos proxectos que finalmente participen na edición, tendo en conta que en cada unha poden participar entre 16 e 20 proxectos emprendedores e ata tres persoas por proxecto.

Adicionalmente podería ser necesario, en ocasións concretas, dispor dunha sala para actividades de formación conxunta, obradoiros, conferencias ou outras actividades formativas.



3ª. COMPROMISOS DAS PARTES

TECNÓPOLE porá a disposición do IGAPE os espazos necesarios para a celebración dunha edición do programa Coworking dende a súa posta en marcha, que se prevé para finais de febreiro de 2022 e ata o fin da data de vixencia deste convenio.

As partes acordan expresamente que o presente convenio non suporá contraprestación económica algunha para as entidades asinantes.

4ª. VIXENCIA, MODIFICACIÓN, EXTINCIÓN E RESOLUCIÓN DO CONVENIO

Este convenio entrará en vigor o día da súa sinatura e a súa duración estenderase ata o 30 de decembro de 2022.

Calquera modificación nas actuacións recollidas neste convenio deberá ser proposta por unha das partes, directamente ou a través da comisión de seguimento, e se formalizará a través da subscripción da correspondente addenda.

O presente convenio poderá ser obxecto de modificación cando teña como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira. Dita modificación terá por obxecto a redución do volume das obrigas ou a ampliación do seu prazo de execución ou xustificación.

Este convenio poderá prorrogarse polo mesmo prazo inicial por acordo expreso de ambas partes que deberá ser formalizado por escrito.

O convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.

Son causas de resolución:

- a) O transcurso do prazo de vixencia do convenio sin terse acordado a súa prórroga.
- b) O acordo unánime de todos os asinantes.
- c) O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes. Neste caso, calquera das partes poderá notificar á parte incumpridora un requirimento para que cumpra nun prazo de 10 días hábiles coas obrigas ou compromisos que se consideran incumpridos. Este requirimento será comunicado á Comisión de Seguimento do convenio e ás demais partes asinantes. Se transcorrido o prazo indicado no requirimento persistira o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará ás partes asinantes a concorrencia da causa de resolución e entenderase resolto o convenio.
- d) Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.



- e) Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou en outras leis.

Si cando concorra calquera das causas de resolución do convenio existen actuacións en curso de execución, as partes, a proposta da comisión de seguimento do convenio, poderán acordar a continuación e finalización das actuacións en curso que consideren oportunas, establecendo un prazo improrrogable para a súa finalización, transcorrido o cal se deberá realizar a súa liquidación.

5ª. COMISIÓN DE SEGUIMIENTO.

Coa finalidade de asegurar o cumprimento deste convenio, crearase unha comisión paritaria que estará integrada por representantes do IGAPE e de TECNÓPOLE.

A Comisión terá as seguintes funcións:

- a) Facer o seguimento e control do desenvolvemento do convenio.
- b) Propoñer a interpretación e a resolución das dúbidas que se poidan suscitar na aplicación do convenio.

O funcionamento da Comisión de Seguimento farase ao abeiro do réxime xurídico dos órganos colexiados contido na sección III, do capítulo I do título I (artigos 15 e seguintes) da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración Xeral e do sector público autonómico de Galicia.

6ª. PUBLICIDADE E COLABORACIÓN

As partes asinantes consenten expresamente a inclusión e a publicidade dos seus datos persoais e relevantes e demais especificacións recollidas neste convenio, no Portal de transparencia e goberno aberto e no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, de acordo co establecido no artigo 15 da lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno (DOG nº 30 do 15 de febreiro), e no Decreto 126/2006, de 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia (DOG nº 149 do 3 de agosto).

7ª. PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

As partes asinantes deste convenio garantirán a confidencialidade dos datos persoais aos que teñan acceso como consecuencia das actuacións realizadas en execución deste e de conformidade co disposto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais e no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta o tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga á Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos).



8ª. RÉXIME XURÍDICO

Para todo o non previsto neste convenio aplicarase o previsto no acordo do Consello da Xunta de Galicia de 27 de marzo de 1991 (DOG do 30 de abril), sobre subscrición dos convenios de colaboración con particulares que outorguen as Consellerías da Xunta de Galicia, os Organismos Autónomos ou Entes de dereito público da Administración Autonómica, a Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e o Decreto 126/2006 do 20 de xullo polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia. Será tamén de aplicación o disposto no capítulo VI do título preliminar da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, polo que se regulan os convenios do sector público.

En proba de conformidade con canto antecede, asinan o presente convenio na data da sinatura electrónica

Por Tecnópole,
Patricia Argerey Vilar

Polo Igape
Fernando Guldrís Iglesias